



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESAS GALEGAS DE SOFTWARE LIBRE PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN, CAPACITACIÓN E PROMOCIÓN DO SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS E O USO DE ESTÁNDARES ABERTOS EN GALICIA

Antecedentes

Segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

A Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (en diante Agasol) é unha asociación de empresas galegas de software libre que pretende exercer como interlocutores dun sector en fase expansiva en Galicia e, ao tempo, promocionar un modelo de Sociedade do Coñecemento no que resulta clave a liberdade para mellorar os programas informáticos e facer públicos e accesibles eses progresos.

Os principais obxectivos de Agasol son:

- a) Promocionar o Software Libre como ferramenta válida para desenvolver a Sociedade da Información en Galicia.
- b) Servir de interlocutor ante a Administración Pública galega para apoiala e asesorala no proceso de migración e implantación de Software Libre e estándares abertos.
- c) Fomentar e organizar a colaboración entre os seus socios.





Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios o impulso á implantación do Software Libre e o uso de estándares abertos na nosa comunidade como peza clave para facilitar o acceso á Sociedade da Información en condicións de igualdade, axudando ademais a un mellor desenvolvemento da industria TIC local.

O 3 de decembro de 2020 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos e todas, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental

Así, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre para o fomento da Sociedade da Información e o fortalecemento do sector das TIC galego, de cara a facilitar a sustentabilidade tecnolóxica e o incremento da produtividade aproveitando as vantaxes do Software Libre e garantindo a interoperabilidade mediante o uso de estándares abertos.

É evidente pois, que a achega económica desta Axencia ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías das comunicacións entre os profesionais e a sociedade en xeral.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.





A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará as accións deste convenio, ata un máximo de CINCUENTA E OITO MIL EUROS (58.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 07.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Santiago de Compostela,

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
José Luis Somoza Digón

